



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO LALÍN, AGOLADA Y SILLEDA DE GALICIA EN BUENOS AIRES, ARXENTINA, PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE NOVA CANALIZACIÓN DA REDE INTERNA DE GAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Lalín, Agolada y Silleda de Galicia en Buenos Aires, Arxentina o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os servizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a realización das obras de nova canalización da rede interna de gas e a súa adecuación á normativa vixente na sede social do Centro Lalín, Agolada y Silleda de Galicia en Buenos Aires, Arxentina.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





O **Centro Lalín, Agolada y Silleda de Galicia en Buenos Aires**, é un centro fundado en 1982 co obxectivo de agrupar nun só centro ás distintas sociedades do partido xudicial de Lalín constituídas en Bos Aires .

Este centro ten como obxecto divulgar o coñecemento da historia, a arte, a literatura, o comercio, a industria e a economía de Galicia; establecer relacións coas entidades que practiquen a axuda ao pobo galego ou se interesen polas distintas manifestacións da súa cultura; fomentar os vínculos de amizade e camaradería entre os asociados, e inculcar aos asociados o amor ás institucións da Arxentina, respecto ás súas leis, usos e costumes.

Esta entidade ten en propiedade a súa sede central na que conta con un salón de usos múltiples con escenario, distintas salas de socios, secretaría, presidencia, restaurante, etc., e ademais dun campo de recreo en San Isidro, na provincia de Buenos Aires.

Nas súas instalación da sede central da entidade xurdiu en datas recentes unha importante fuga de gas na rede interna, derivada do deterioro polo transcurso dos anos, que obriga á súa completa reposición, cun custo total de máis de 35.000 €, segundo o informe técnico presentado, que á entidade lle é imposible asumir na súa totalidade cos seus propios recursos.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de vintecinco mil euros (25.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado





o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c). da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público , ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

